



## O Encontro Mundial de Humorismo 2023 completa a súa programación con música ao vivo, paneis, novos espectáculos e unha exposición

A Casa Museo Picasso acollerá a partir do venres 28 a exposición 'El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad', con obras de Mingote, Quino, Gallego y Rey ou Flavita Banana; e esa mesma tarde Siro López participará na conversa 'Picasso e a caricatura'

A plataforma Movistar Plus+ colabora co EMHU a través da presentación do programa 'Showriano', con Eva Soriano, e que contará con Leo Harlem como convidado

O alumnado da Escuela de Impro Coruña actuará o sábado 29 de abril en Afundación, mentres que a Banda Municipal de Música da Coruña ofrecerá o 4 de maio un concerto especial de 'La banda sonora de nuestra risa' que contará con Luis Piedrahita como narrador

As invitacións para asistir aos espectáculos que conforman a programación paralela do EMHU pódense retirar gratuitamente desde hoxe a través da web oficial [www.emhu.es](http://www.emhu.es)



Presentación do EMHU 2023 no Pazo de María Pita © Leo López

**A Coruña, 27 de marzo de 2023.-** O Encontro Mundial de Humorismo desvela o programa completo da súa terceira edición coa presentación das actividades paralelas, as escolma de propostas de acceso libre ou mediante retirada gratuita de convite e que terán lugar durante a celebración do evento, entre os días 28 de abril e 7 de maio, na Coruña. A exposición *El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad*, a conversa *Picasso e a caricatura*, unha sesión de improvisación co alumnado da **Escuela de Impro Coruña**, o concerto *La banda sonora de nuestra risa*, conducido por Luis Piedrahita e coa interpretación da Banda Municipal da Coruña, e a presentación do programa *Showriano*, con Eva Soriano, súmanse á programación do EMHU 2023.



O **director artístico do EMHU, Luis Piedrahita**, deu a coñecer esta mañá a programación paralela do evento. Fíxoo desde o Pazo de María Pita, na Coruña, onde ofreceu unha rolda de prensa acompañado pola alcaldesa da cidade, Inés Rey; o delegado da Xunta de Galicia na provincia, Gonzalo Trenor; e a responsable de Cultura, Orixe e Proximidade de Hijos de Rivera, Goretti Castro. No acto tamén estiveron presentes artistas que participarán na nova edición do EMHU. É o caso de Carmen Méndez, Javier Veiga, Leticia Sola, Marta Doviro, Oswaldo Digón e Xosé A. Touriñán.

A **programación paralela do EMHU 2023** comezará na propia xornada inaugural do evento. O venres 28 de abril, antes da estrea en Galicia de *Buenismo Show*, a Casa Museo Picasso acollerá a apertura da mostra ***El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad***. Co gallo da celebración do 50º cabodano do pintor, o EMHU, o Instituto Quevedo del Humor e o Concello da Coruña impulsan unha exhibición que conta con traballos de Mingote, Quino, Gallego y Rey ou Flavita Banana, entre outras sinaturas. A través dos cadriños, achegan a súa visión e ideas sobre o bombardeo histórico plasmado por Picasso nunha das súas obras máis universais. A exposición poderase visitar até o 30 de xuño no horario habitual do recinto municipal. Esa mesma tarde, a partir das 19:00 horas, **Siro López** ofrecerá un parladoiro nomeado ***Picasso e a caricatura***, na que o humorista gráfico, a través do seu propio arquivo, porá sobre a mesa a relación do malagueño con esta arte. A cita, ao igual que a exposición, será de acceso libre.

Ao día seguinte, o sábado 29, a sede de Afundación acollerá un **espectáculo de improvisación** -de acceso libre até completar a capacidade do auditorio- creado polo alumnado do curso de nivel avanzado da **Escuela de Impro Coruña**, entidade dirixida por Víctor Grande e Oswaldo Digón. Precisamente Digón será un dos humoristas de Galicia que, no marco do EMHU 2023, estree unha nova peza: a cita coa súa ***Ansia Viva***, na que estará acompañado polo músico Luis Tinaquero, chegará o xoves 4 de maio ao auditorio de Afundación. Un día antes, o mércores 3, e tamén no mesmo recinto, terá lugar a estra absoluta de ***As R(h)umorosas***, unha creación colectiva de Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro na que as cómicas, a través da comedia, a música e a poesía, imaxinarán e darán voz a algunhas mulleres galegas ilustres. As entradas para estas dúas funcións, incluídas na programación de pago do evento, están dispoñibles en [www.emhu.es](http://www.emhu.es).

A programación paralela do EMHU 2023 inclúe tamén unha nova edición do concerto ***La banda sonora de nuestra risa***, unha proposta singular na que o EMHU e a Banda Municipal de Música da Coruña unen forzas, por segundo ano consecutivo, para ofrecer un espectáculo musical na que a risa estará garantida. Se no 2022 a banda percorreu grandes momentos musicais da historia do cinema ou da televisión, desta quenda, baixo a dirección de Juan Miguel Romero Llopis e acompañada de novo por Luis Piedrahita como mestre de cerimonias, a agrupación reinterpretará himnos xeracionais que, grazas ao humor do director artístico do EMHU, non deixarán indiferente ao público. O acceso ao concerto, que terá lugar o xoves 4 de maio a partir das 19:30 horas no Teatro Colón, será gratuíto previa retirada de convite a través da web [www.emhu.es](http://www.emhu.es).

### **Presentación de 'Showriano' no EMHU 2023**

Entre as novidades desta edición do EMHU, está a participación, como plataforma colaboradora, de Movistar Plus+, unha vinculación que se traduce na presentación do novo programa ***Showriano***, conducido pola cómica **Eva Soriano**. Na súa cita coruñesa, que terá lugar o venres 5 de maio no Teatro Colón, Soriano contará con **Leo Harlem** como convidado, entre outras sorpresas. Precisamente ambos humoristas serán protagonistas, xunto con Sílvia Abril e Ana Morgade, da nova gala exclusiva do EMHU que se estreará o sábado 6 en Palexco: ***Animus locandi*** (19:00 e 22:00 horas). As invitacións para asistir á presentación de ***Showriano*** pódense retirar, desde este luns, en [www.emhu.es](http://www.emhu.es).



## EMHU 2023

A terceira edición do Encontro Mundial de Humorismo celebrarase na Coruña do 28 de abril ao 7 de maio. O evento, promovido polas produtoras Etiqueta Negra (Galicia) e El Espectador (Madrid), e que conta co apoio do Concello da Coruña, Xunta de Galicia e Estrella Galicia, reunirá durante dez días na cidade herculina os espectáculos a as figuras máis destacadas da comedia a nivel estatal. Moitas delas actuarán en producións únicas, creadas exclusivamente para o EMHU. É o caso de **Humoris Causa**, que este ano xuntará a **Eva Hache, Dani Rovira, Javier Cansado e Xosé A. Touriñán** sobre o escenario do Pazo da Ópera o 29 de abril; da nova gala **Animus locandí**, coa que o EMHU regresará ao Palexco para que o público escache coa risa da man de **Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem e Sílvia Abril**; ou de **Fantastic Colofon**, a gala de peche do evento, que nesta ocasión contará con **Carolina Iglesias, Pantomima Full e co director artístico do EMHU, Luis Piedrahita**, sobre as táboas do Teatro Colón.

O Encontro Mundial de Humorismo contará na súa programación troncal con algúns dos espectáculos en xira máis demandados polo público neste momento. É o caso de **Buenismo Show**, cuxa estrea en Galicia terá lugar o 28 de abril no marco do EMHU; ao igual que **La capital del pecado 2.0** de Juan Dávila, cuxa función está programada para o 1 de maio; ou **Estirando el chicle desde un castillo**, un programa especial do podcast presentado por Carolina Iglesias e Victoria Martín que se gravará, ao vivo, na tarde do 30 de abril desde o Castelo de Santo Antón. Ademais, entre as propostas que se poderán ver na Coruña, están **Sin datos no hay paraíso** (29 de abril), cos 'influencers' Animalize21, Car de Lorenzo, El Cejas e Xurxo Carreño; **La comedia salvó mi vida**, con Ignatius Farray (30 de abril); **La Ruina**, o show de Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes (6 de maio); y **Garabato controlado** (5 de maio), cita que suporá a estrea en España do novo espectáculo do arxentino Juan Barraza.

O EMHU tamén será o espazo no que se celebren dúas estreas absolutas de producións galegas: **As R(h)umorosas**, de Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro, e **Ansia viva**, de Oswaldo Digón e o músico Luis Tinaquero. Tamén conta con selo galego o filme **Amigos hasta la muerte**, a adaptación cinematográfica que dirixe Javier Veiga sobre a obra teatral e que se proxectará, antes da súa chegada ás salas, o domingo 30 de abril no Teatro Colón. A exhibición da película estará acompañada dunha breve conversa e espectáculo que contará coa participación de Marta Hazas, David Amor, Xosé A. Touriñán e do propio Veiga.



## HORARIOS PROGRAMACIÓN EMHU 2023

### Venres 28 de abril

18:30 horas | Casa Picasso: **El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad** (apertura)

19:00 horas | Casa Picasso: **Picasso e a caricatura** (acceso libre ata completar capacidade)

21:30 horas | Teatro Colón: **Buenismo Show** (estrea en Galicia)

### Sábado 29 de abril

12:30 horas | Afundación: **Escuela de Impro Coruña** (acceso libre ata completar capacidade)

17:00 horas | Teatro Colón: **Sin datos no hay paraíso**

19:00 horas | Pazo da Ópera: **Humoris Causa**

22:00 horas | Pazo da Ópera: **Humoris Causa**

### Domingo 30 de abril

16:00 horas | Castelo de Santo Antón: **Estirando el chicle en un castillo**

18:00 horas | Teatro Colón: **Ignatius Farray: La comedia salvó mi vida**

20:30 horas | Teatro Colón: **Amigos hasta la muerte**

### Luns 1 de maio

19:30 horas | Teatro Colón: **Juan Dávila: La capital del pecado 2.0** (estrea en Galicia)

### Mércores 3 de maio

19:30 horas | Afundación: **As R(h)umorosas** (estrea absoluta)

### Xoves 4 de maio

19:30 horas | Teatro Colón: **La banda sonora de nuestra risa** (gratuíta previa retirada de convite en emhu.es)

21:00 horas | Afundación: **Ansia viva** (estrea absoluta)

### Venres 5 de maio

19:30 horas | Afundación: **Juan Barraza: Garabato controlado** (estrea en España)

21:00 horas | Teatro Colón: **Showriano** (gratuíta previa retirada de convite en emhu.es)

### Sábado 6 de maio

12:30 horas | Teatro Colón: **La Ruina**

19:00 horas | Palexco: **Animus locandi** (estrea absoluta)

22:00 horas | Palexco: **Animus locandi**

### Domingo 7 de maio

20:00 horas | Teatro Colón: **Fantastic Colofon**

## Contacto de prensa EMHU 2023

The Office Comunicación | Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155) | [prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Para máis información podes visitar a páxina web [www.emhu.es](http://www.emhu.es) ou acceder á **sala de prensa** desta edición.